

En Brión, na data da sinatura electrónica.

### **PRÓRROGA CONTRATO DE SERVIZOS DE: ESCOLAS MUSICAIS 2020-2021.**

Dunha parte, PABLO LAGO SANMARTÍN, alcalde do Concello de Brión (A Coruña), asistido do secretario do Concello Javier Nieves González.

E doutra JAVIER CALVO SORRIVAS, con DNI núm. \*\*\*835\*\*-L, que actúa na representación de BARBATANA S.L., domiciliada en R/ Cubelos 22 C, 2º C, 15900-Padrón, inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, co CIF B-15604432, manifestando ter plena capacidade para contratar e non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade e incapacidade que determinan as disposicións vixentes nesta materia.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente competencia e capacidade, respectivamente, para obrigarse e outorgar a presente prórroga de contrato de servizos, e para o efecto manifestan:

#### **ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS:**

1. Resultando que con data 7 de agosto de 2020 o Concello asinou o contrato administrativo de servizos de: ESCOLAS MUSICAIS 2020-2021, coa empresa BARBATANA S.L., cunha duración segundo a cláusula 5 de: O prazo de prestación do servizo será de un ano, desde o 14 de setembro de 2020 ata o 11 de xuño de 2021 (curso académico 2020/2021), podendo prorrogarse por un ano máis, (curso académico 2021/2022), nos termos previstos na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares.
2. Resultando que o contrato poderá prorrogarse por mutuo acordo expreso das partes, por un ano máis, antes da finalización do prazo inicial do contrato, nos termos previstos na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas particulares.
3. Por resolución da alcaldía do 01.06.2021 acordase aprobar unha primeira prórroga polo prazo que vai desde o 14 de setembro de 2021 ata o 11 de xuño de 2022 (curso académico 2021/2022), nas mesmas condicións e cos mesmos prezos do contrato orixinario asinado con data 7 de agosto de 2020 posto que non existe revisión de prezos prevista nos pregos desta contratación

E resultando conveniente a ambas as dúas partes a **prórroga do contrato** a formalizan no presente documento con arranxo ás seguintes **cláusulas**:

**1ª)** JAVIER CALVO SORRIVAS, en nome e representación de BARBATANA S.L., comprométese a seguir prestando o servizo nas mesmas condicións e cos mesmos prezos estipulados no contrato administrativo de servizos de: ESCOLAS MUSICAIS 2020-2021, inicial de data 7 de agosto de 2020, polo prazo que vai desde o 14 de setembro de 2021 ata o 11 de xuño de 2022.

E para debida constancia de todo o pactado, asinan esta prórroga na data da sinatura electrónica.

O alcalde

O contratista

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Calvo Sorrivas

Javier Nieves González